



**EXPEDIENTE M4/2020 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO
DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E DO ANEXO DE
INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO 2020**



Expediente M4/2020 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas e do Anexo de Investimentos do Orzamento 2020

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao Pleno da Corporación o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do anexo de subvencións nominativas e do anexo de investimentos. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2020. Modifícanse os Anexos, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

Propónse dende a Área de Educación, Cultura e Memoria Histórica unificar dúas subvencións nominativas coa entidade Asociación Academia Galega do Audiovisual, de xeito que quede un único convenio, polo importe total, que comprenda ambas finalidades.

Desde a Área de Medio Ambiente e Sostibilidade propónse unha modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2020, trátase de minorar o código de proxecto 2020 2 31 6 "Orzamentos participativos. Horto urbano comunitario no parque Adolfo Suárez", cun crédito de 50.000,00€, para incrementar nese mesmo importe o código de proxecto 2020 2 E31 2 "Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. EIDUS", o proxecto vaise executar mediante unha actuación conxunta de hortos urbanos.

II.- Este expediente modificativo, tal e como se reflicte no informe proposta, axústase ao establecido na Base 6ª das de Execución do Orzamento para 2020, que regulan as modificacións que afectan ao Anexo de Subvencións e Investimentos, de competencia plenaria, pero que na medida que non afectan aos créditos nin tampouco ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos, non é necesario o trámite de exposición pública; deste xeito so require unha única aprobación plenaria. Unha vez aprobada polo Concello-Pleno, será inmediatamente

executivo, sen necesidade do trámite de información pública.

III.- No expediente consta as xustificacións das propostas efectuadas polos servizos xestores para a tramitación deste expediente M4/2020, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

IV.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas e do Anexo de Investimentos do Orzamento aprobado para rexer no 2020 (M4/2020), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 8 de xullo de 2020

A ALCALDESA,

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized initial 'A' followed by the letters 'L', 'D', 'E', 'S', 'A' in a cursive script.



Asunto: Expediente M4/2020 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas e do Invetimentos do Orzamento 2020.

Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.

Sómétese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Propónse modificar o anexo de subvencións nominativas para refundir, dentro da mesma aplicación orzamentaria, nun único convenio de subvención nominativa os dous que estaban previstos a favor da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Por outra banda tamén propónse unha modificación do anexo de investimentos minorando o proxecto con código 2020/2/31/6, "Presupostos Participativos. Huerto Urbano comunitario en el parque Adolfo Suarez" por importe de 50.000,00 € para incrementar nese mesmo importe o código de proxecto 2020/2/E31/2 "Creación y puesta en marcha de huertos urbanos por los distritos de la ciudad. EIDUS", para a súa execución conxunta nun único proxecto dentro da mesma aplicación orzamentaria.

Para o cambio proposto, que non afecta nin altera o estado de gastos do orzamento vixente e como ben di a oficina orzamentaria xa que se opera na mesma aplicación orzamentaria, so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e sen dobre trámite de aprobación, de conformidade coa Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2020, xa que no hai alteracións dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente, polo que non implica en se mesmo modificación orzamentaria ningunha, senon só un cambio do anexo de subvencións e investimentos.

Polo exposto non existe inconvenientes para que continúe o expediente para a súa aprobación polo Pleno do concello.

Non entanto advertimos que a nosa conformidade o é exclusivamente á tramitación da modificación proposta nos termos da normativa orzamentaria, pero non predetermina a calificación e sentido da fiscalización que se exteriorizará no momento que se execute o gasto vinculado co crédito orzamentario..

Non entanto, o Pleno resolverá.

É o meu informe.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M4/2020
PLENO

Expediente M4/2020 de modificación do Anexo de Subvencións Nominativas e do Anexo de Investimentos do Orzamento 2020

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, TRLRHL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real decreto 500/1990, de 20 de abril (en adiante, RD 500/1990). As bases de execución do orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo, atenderase ao disposto na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2020, "Vinculacións xurídicas", regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin das aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do pleno da corporación, que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11ª das de Execución do Orzamento municipal, onde se regulan as Subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobada polo pleno da corporación. Na devandita base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, tramítase unha modificación do Anexo de Subvencións Nominativas, mediante a cal o Servizo de Cultura propón que se unifiquen os dous convenios existentes coa entidade Asociación Academia Galega do Audiovisual:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
------------	---------	-------------------------	---------------------------	-----------	-----	------------

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M4/2020
PLENO

50.334 .48950	24.500,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao sostemento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas por esta no ano 2020
50.334 .48950	80.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados da Filme Commission no ano 2020

De maneira que quede un único convenio coa Asociación Academia Galega do Audiovisual, por importe de 104.500€ e que comprenda ambas finalidades:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
50.334 .48950	104.500,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao sostemento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades: Film Commission e outras

O Servizo de Cultura xustifica que todas as actividades da Film Commission se desenvolven con persoal e medios da Academia Galega do Audiovisual, polo que a división en dous convenios dificulta a súa xustificación, sendo conveniente a unificación nun só polo importe total.

Neste expediente M4/2020 propónse unha modificación do Anexo de Subvencións Nominativas de 2020, de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado en 2020, nin modificación da aplicación orzamentaria. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo pleno da corporación.

Do mesmo xeito, propónse desde a Área de Medio Ambiente unha modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2020, trátase de minorar o código de proxecto 2020 2 31 6 "Orzamentos participativos. Horto urbano comunitario no parque Adolfo Suárez", cun crédito de 50.000,00€, para incrementar nese mesmo importe o código de proxecto 2020 2 E31 2 "Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. EIDUS":

ÁREA DE GOBERNO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
-----------------	----------------------	------------	---------	--------------------	-----------------------

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M4/2020
PLENO

MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN	31.1729.60 902	-50.000,00	2020 2 31 6	Minora proxecto nº 165 do AI denominado "Orzamentos participativos. Horto urbano comunitario no parque Adolfo Suárez" e incrementa proxecto nº 164 do AI denominado "Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. Eidus", coa finalidade de executar conxuntamente ambos proxectos
MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. INCREMENTO	31.1729.60 902	50.000,00	2020 2 E31 2	Minora proxecto nº 165 do AI denominado "Orzamentos participativos. Horto urbano comunitario no parque Adolfo Suárez" e incrementa proxecto nº 164 do AI denominado "Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. Eidus", coa finalidade de executar conxuntamente ambos proxectos

O servizo no seu informe explica que se vai executar o proxecto de horto urbano no parque Adolfo Suárez pero que se fará mediante unha execución conxunta das actuacións de creación de hortos urbanos.

II. O proxecto de expediente de modificación do Anexo de Subvencións Nominativas e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2020 que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que figura no expediente, vén acompañado da correspondente memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo pleno da corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2020).

III. Conforme á normativa citada, e se V.E. o considera oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento de 2020, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada "Expediente M4/2020. Modificacións do Anexo de Subvencións Nominativas".
2. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2020, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada "Expediente M4/2020. Modificacións do Anexo de Investimentos".

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M4/2020
PLENO

3. Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.


A Coruña, 24 de xullo de 2020

A xefa do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos,



Belén Blanco de Azpiazu


Conforme:
O director de Economía, Facenda e Réxime Interior,



Manuel Ángel Jove Losada

VºBº

O concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior,



José Manuel Lage Tuñas



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
A-3

Miguel Iglesias Martínez, oficial maior en funcións de secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña, en virtude do Decreto da Alcaldía 4613/2020, do 29 de xullo,

Asunto. Aprobación do expediente M4/2020, de modificación do anexo de subvencións nominativas e do anexo de investimentos do orzamento 2020.

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2020, adoptou por unanimidade o seguinte acordo, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (8 votos), Partido Popular (8 votos), Marea Atlántica (5 votos), Bloque Nacionalista Galego (2 votos) e Mixto (1 voto):

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M4/2020. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas”.

2. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2020, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M4/2020. Modificacións do Anexo de Inversións”.

3. Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

Miguel Iglesias Martínez, oficial mayor en funciones de secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña, en virtud del Decreto de la Alcaldía 4613/2020, de 29 de julio,

Asunto. Aprobación del expediente M4/2020, de modificación del anexo de subvenciones nominativas y del anexo de inversiones del presupuesto 2020.

***CERTIFICO:** Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión extraordinaria celebrada el día 30 de julio de 2020, adoptó por unanimidad el siguiente acuerdo, con el voto a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista (8 votos), Partido Popular (8 votos), Marea Atlántica (5 votos), Bloque Nacionalista Galego (2 votos) y Mixto (1 voto):*

1. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2020, incorporando los cambios detallados en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M4/2020. Modificaciones del Anexo de Subvenciones nominativas”.

2. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2020, incorporando los cambios detallados en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M4/2020. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.

3. Facultar a la Excma. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
A-3

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

O oficial maior, en funcións de secretario xeral do Pleno

Miguel Iglesias Martínez

**Vº e Pr
Concelleiro delegado de Urbanismo,
Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade**

**Juan Manuel Díaz Villoslada
(Documento asinado electronicamente)**

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del acta.

El oficial mayor, en funciones de secretario general del Pleno

Miguel Iglesias Martínez

***Vº Bª
Concejal delegado de Urbanismo,
Vivienda, Infraestructuras y Movilidad***

***Juan Manuel Díaz Villoslada
(Documento firmado electrónicamente)***



Anexo de Subvencións nominativas aprobado:							
APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
50.334 .48950	24.500,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao sostemento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvoltas por esta no ano 2020	Cultura
50.334 .48950	80.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados da Filme Commission no ano 2020	Cultura
Modificación do Anexo de Subvencións nominativas Expediente M4/2020:							
APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
50.334 .48950	104.500,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao sostemento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades: Film Commission e outras	Cultura



AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE	MEDIO AMBIENTE	MODIFCACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN	31.1729.60902	Proxectos de actuacións en contornas naturais	-50.000,00	2020 2 31 6		Minora proxecto nº 165 do AI denominado "ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS. Horto urbano comunitario no parque Adolfo Suárez" e incrementa proxecto nº 164 do AI denominado "Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. EIDUS ", coa finalidade de executar conxuntamente ambos proxectos
MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE	MEDIO AMBIENTE	MODIFCACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. INCREMENTO	31.1729.60902	Proxectos de actuacións en contornas naturais	50.000,00	2020 2 E31 2	CUALITATIVA	Minora proxecto nº 165 do AI denominado "ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS. Horto urbano comunitario no parque Adolfo Suárez" e incrementa proxecto nº 164 do AI denominado "Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. EIDUS ", coa finalidade de executar conxuntamente ambos proxectos